

O estraño caso do espello do Viso

No consello parroquial do Viso, ademais de pedirse xa o 8 de marzo do 2012, o 23/08/2012 solicitouse a colocación dun espello no cruce de Loureiro, constando en acta deste xeito: *“Anxo Lusquiños López propón que se coloquen espellos no cruce do Loureiro no Camiño Xacobeo. María José Acevedo Santoro propón que se coloquen espellos no Barrio do Escredo. As propostas son aprobadas pola unanimidade das/os membros presentes.”*

No consello parroquial celebrado en marzo, o presidente, Jesús Crespo, concelleiro de Deportes e Novas Tecnoloxías, informou que o concelleiro responsable desta área pedira un informe a Policía Local. Neste informe, segundo as palabras do presidente do consello, a Policía Local desestimaba a colocación do espello nesa zona por consideralo perigoso.

Esta resposta causou sorpresa (por non dicir outra cousa) entre os membros do consello parroquial. Polo que dende AER solicitamos o informe mencionado por rexistro no Concello. E esta foi a resposta que obtivemos vía correo electrónico da Policía Municipal.

“En relación coa súa solicitude de informe sobre a colocación de espellos no cruce do Loureiro no camiño Xacobeo solicitado polo consello parroquial do Viso, infórmolle que consultados os arquivos do ano en curso, 2012 e 2011, non hai constanza de dita petición.”

Isto parécenos unha tomadura de pelo aos representantes do consello parroquial e aos veciñ@s do Viso. Alguén mentiu, ou o presidente do consello parroquial, Jesús Crespo, ou o concelleiro de interior, Arturo González.

Señor presidente do consello, cando traia información deste tipo, realice ben o seu traballo e pida copia dos informes para presentarllos á veciñanza. Porque imos darlle un voto de confianza e pensar que a vostede o enganaron, pero a pesar diso, vostede é o responsable de traer unha información veraz ante as peticións dos veciños do Viso.

O que queda como mentireiro ante os veciñ@s é vostede non o esqueza.

Se nun tema como este son capaces de mentir así e desviar responsabilidades non queremos pensar o que farán noutros asuntos...

Ao final como sempre a culpa será de AER